



**iSSGA**

INSTITUTO DE SEGURIDADE  
E SAÚDE LABORAL DE GALICIA

# **SINISTRALIDADE DOS CONDUTORES PROFESIONAIS ANOS 2012-2016**

**INFORME**

**XUNTA DE GALICIA**

**SINISTRALIDADE DOS CONDUTORES  
PROFESIONAIS**

**2012-2016**

**INFORME**

Autor: **Manuel Armada Oya**  
**Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral – ISSGA**

**Novembro 2017**

Coa publicación deste estudo dáse cumprimento ao establecido no apartado b) da ficha *OGCT 1: Observatorio Galego de Condicións de Traballo* e no apartado g) da ficha *OGCT 3: Análise, tratamento estatístico e elaboración de estudos sobre os accidentes de traballo* incluídas no **EIXE 2: Observatorio Galego de Condicións de Traballo do Plan de Actividades 2017 do ISSGA.**

|                            |               |
|----------------------------|---------------|
| <b><u>Introducción</u></b> | <b>Pág. 4</b> |
|----------------------------|---------------|

|                           |               |
|---------------------------|---------------|
| <b><u>Metodología</u></b> | <b>Pág. 5</b> |
|---------------------------|---------------|

## **Resultados**

|                      |         |
|----------------------|---------|
| Idade                | Pág. 8  |
| Tráfico              | Pág. 10 |
| Sector               | Pág. 12 |
| Tipo de contrato     | Pág. 13 |
| Provincia            | Pág. 15 |
| Desviación           | Pág. 19 |
| Forma                | Pág. 20 |
| Lesión               | Pág. 22 |
| Avaliación de riscos | Pág. 24 |
| Lugar                | Pág. 24 |

|                            |                |
|----------------------------|----------------|
| <b><u>Conclusiones</u></b> | <b>Pág. 26</b> |
|----------------------------|----------------|

|                      |                |
|----------------------|----------------|
| <b><u>Anexos</u></b> | <b>Pág. 28</b> |
|----------------------|----------------|

## Introdución

Dentro das actividades que realiza o Observatorio galego de condicións de traballo ([OGCT](#)) está a análise, tratamento estatístico e elaboración de estudos de accidentes de traballo.

Unha das actuacións para realizar previstas para o ano 2017 é a elaboración e posterior publicación dun informe sobre a sinistralidade dos condutores profesionais.

Para a realización do devandito informe, se parte da información contida nos partes de accidentes de traballo declarados no sistema [Delt@](#), escolléndose un subconxunto de variables que se considerou máis interesante para caracterizar a sinistralidade do sector e servir de orientación para realizar accións de mellora da mesma.

Non se pode esquecer que para coñecer as causas dos accidentes non é suficiente a información que se recolle dos partes de accidente, se non que é necesaria a investigación dos mesmos por un técnico de prevención para que se apliquen as medidas adecuadas a cada caso particular.

## Metodoloxía

Para a realización deste estudo utilizáronse os accidentes de traballo con baixa entre os anos 2012 e 2016 descartando os accidentes ocorridos *in itinere*, dividíndoos en dous grandes grupos:

- Un grupo principal que engloba a aqueles accidentes de traballadores cun código de ocupación CNO-2011, 84-*Condutores de vehículos para o transporte urbano ou por estrada*. Sobre este grupo móstranse os resultados de todas as variables escollidas.
- Outro grupo co resto de accidentes declarados entre estes anos. Este grupo serve para contrastar resultados nalgúñas variables concretas.

Se parte dos datos da evolución xeral dos accidentes no intervalo 2012-2016 e ademais das variables sexo e gravidade que son transversais, utilizáronse as variables seguintes:

- Idade
- Tráfico
- CNO (desagregación a tres díxitos do código 84).
- Sectores económicos (dos centros onde os traballadores se accidentaron).
- Sectores económicos (CNAEs declarados polas empresas dos traballadores accidentados).
- Tipo de contrato.
- Provincia das empresas.
- Desviación (último acontecemento anormal que conduciu ao accidente).
- Forma ou contacto que provoca a lesión.
- Tipo de lesión.
- Avaliación de riscos.
- Lugar do accidente.

Ademais realizouse a análise nun pequeno grupo de variables para os traballadores de 55 ou máis anos de idade.

## Resultados

### Evolución xeral

Na táboa a continuación, móstranse os datos dos accidentes con baixa dos anos 2012 ao 2016 agrupados por sexo e gravidade. Agás no caso dos mortais no ano 2012, o mínimo dos accidentes graves e mortais deuse no ano 2013. Nas mulleres no ano 2013 contabilizáronse o mesmo número de accidentes leves e graves, pero cun mortal que non houbo no ano 2012. Os accidentes das condutoras supoñen menos do 5% do total dos accidentes.

A evolución dos accidentes desde o 2013 foi de incremento, que salvo polos datos do ano 2014 de accidentes graves e mortais foi continuo.

| Sexo     | Gravidade    | Ano_de_baixa |              |              |              |              | Total        |
|----------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
|          |              | 2012         | 2013         | 2014         | 2015         | 2016         |              |
| Homes    | Leves        | 1.405        | 1.296        | 1.372        | 1.449        | 1.617        | 7.139        |
|          | Graves       | 47           | 35           | 35           | 37           | 52           | 206          |
|          | Mortais      | 6            | 8            | 11           | 10           | 19           | 54           |
|          | <b>Total</b> | <b>1.458</b> | <b>1.339</b> | <b>1.418</b> | <b>1.496</b> | <b>1.688</b> | <b>7.399</b> |
| Mulleres | Leves        | 60           | 60           | 72           | 63           | 73           | 328          |
|          | Graves       | 0            | 0            | 0            | 0            | 1            | 1            |
|          | Mortais      | 0            | 1            | 0            | 0            | 0            | 1            |
|          | <b>Total</b> | <b>60</b>    | <b>61</b>    | <b>72</b>    | <b>63</b>    | <b>74</b>    | <b>330</b>   |
| Total    | Leves        | 1.465        | 1.356        | 1.444        | 1.512        | 1.690        | 7.467        |
|          | Graves       | 47           | 35           | 35           | 37           | 53           | 207          |
|          | Mortais      | 6            | 9            | 11           | 10           | 19           | 55           |
|          | <b>Total</b> | <b>1.518</b> | <b>1.400</b> | <b>1.490</b> | <b>1.559</b> | <b>1.762</b> | <b>7.729</b> |

Táboa 1. Evolución dos accidentes segundo sexo e gravidade.

Na táboa seguinte detállanse os incrementos porcentuais interanuais segundo a gravidade e a variación entre os anos 2012 e 2016. O incremento dos accidentes graves e mortais é elevado no último ano, moi superior ao incremento do número de accidentes.

|            |              | Variación interanual |              |              |               |               |
|------------|--------------|----------------------|--------------|--------------|---------------|---------------|
|            |              | 2013-2012            | 2014-2013    | 2015-2014    | 2016-2015     | 2016-2012     |
| Accidentes | Leves        | -7,44%               | 6,49%        | 4,71%        | 11,77%        | 15,09%        |
|            | Graves       | -25,53%              | 0,00%        | 5,71%        | 43,24%        | 10,64%        |
|            | Mortais      | 50,00%               | 22,22%       | -9,09%       | 90,00%        | 216,67%       |
|            | <b>Total</b> | <b>-7,77%</b>        | <b>6,43%</b> | <b>4,63%</b> | <b>13,02%</b> | <b>15,78%</b> |

Táboa 2. Variación interanual dos accidentes expresado en porcentaxes.

Represéntase a continuación [en forma gráfica](#) a evolución dos accidentes, onde se comproba o mínimo do ano 2013 e o incremento no último ano.




Gráfico 1. Evolución dos accidentes, anos 2012 a 2016

Para terminar sobre a evolución dos accidentes, a [táboa](#) e o [gráfico](#) seguintes mostran as porcentaxes dos accidentes segundo a súa gravidade respecto do total anual. Tendo en conta as porcentaxes da táboa e as liñas do gráfico, o incremento dos accidentes mortais destaca moito máis que o incremento dos graves.

| Gravidade    | 2012        | 2013        | 2014        | 2015        | 2016        | TOTAL         |
|--------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|---------------|
| Leves        | 96,51%      | 96,86%      | 96,91%      | 96,99%      | 95,91%      | <b>96,61%</b> |
| Graves       | 3,10%       | 2,50%       | 2,35%       | 2,37%       | 3,01%       | <b>2,68%</b>  |
| Mortais      | 0,40%       | 0,64%       | 0,74%       | 0,64%       | 1,08%       | <b>0,71%</b>  |
| <b>Total</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b>   |

Táboa 3. Porcentaxes segundo gravidade dos accidentes.




Gráfico 2. Accidentes graves e mortais dos anos 2012 a 2016.

## Idade

A continuación móstranse catro táboas de datos: dúas referidas á sinistralidade por grupos de idade dos anos 2012 ao 2016 e as outras dúas onde se expresa as porcentaxes de accidentados e de cotizantes das continxencias profesionais por grupos de idade.

Na táboa 4 indícanse, segundo os grupos de idade, o total de accidentados (columna Frecuencia) e a porcentaxe correspondente noutra columna para os sete anos do período. Os grupos de idade con maior sinistralidade son o de 35 a 44 anos co 31,36% seguido do grupo de traballadores de 45 a 54 anos.

| Anos 2012-2016  |              |              |
|-----------------|--------------|--------------|
| Grupos de idade | Frecuencia   | Porcentaxe % |
| menos de 16     | 1            | 0,01         |
| de 16 a 19      | 68           | 0,88         |
| de 20 a 24      | 408          | 5,28         |
| de 25 a 34      | 1.556        | 20,13        |
| de 35 a 44      | 2.424        | 31,36        |
| de 45 a 54      | 2.254        | 29,16        |
| de 55 a 65      | 1.005        | 13,00        |
| maior de 65     | 13           | 0,17         |
| <b>Total</b>    | <b>7.729</b> | <b>100</b>   |

Táboa 4. Accidentes segundo grupos de idade.

Na [táboa 5](#) destácanse con cor as celas dos grupos de idade con porcentaxes de accidentes graves ou mortais superiores á porcentaxe total de accidentes. O grupo de 20 a 24 ten unha porcentaxe de accidentes graves do 6,76% lixeiramente superior ao 5,28% do total. O grupo de 35 a 44 anos ten co 31,40% unha porcentaxe practicamente igual á súa porcentaxe do total. Pola contra, o grupo de 45 a 54 anos con 33,33% dos accidentes graves e o 45,45% dos accidentes mortais (a súa porcentaxe do total é do 29,16%) e os accidentados con idades de 55 a 65 cunha porcentaxe de accidentes graves do 16,91% e de mortais do 21,82% (para unha porcentaxe do total do 13,00%), son os grupos de idade cun número importante de accidentes, nos que as porcentaxes de accidentes con maior gravidade superan a porcentaxe do total.

| Anos 2012-2016  |             |             |             |               |
|-----------------|-------------|-------------|-------------|---------------|
| Grupos de idade | Leves       | Graves      | Mortais     | Total         |
| menos de 16     | 0,01%       | 0,00%       | 0,00%       | <b>0,01%</b>  |
| de 16 a 19      | 0,88%       | 0,97%       | 0,00%       | <b>0,88%</b>  |
| de 20 a 24      | 5,26%       | 6,76%       | 1,82%       | <b>5,28%</b>  |
| de 25 a 34      | 20,44%      | 10,63%      | 14,55%      | <b>20,13%</b> |
| de 35 a 44      | 31,47%      | 31,40%      | 16,36%      | <b>31,36%</b> |
| de 45 a 54      | 28,93%      | 33,33%      | 45,45%      | <b>29,16%</b> |
| de 55 a 65 anos | 12,83%      | 16,91%      | 21,82%      | <b>13,00%</b> |
| máis de 65 anos | 0,17%       | 0,00%       | 0,00%       | <b>0,17%</b>  |
| <b>Total</b>    | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b>   |

Táboa 5. Accidentes segundo grupos de idade e gravidade.

No [gráfico 3](#) represéntanse as porcentaxes da táboa 5 dos traballadores accidentados entre os anos 2012 e 2016 inclusive. A representación do número de traballadores accidentados segundo os seus anos de idade móstrase no [gráfico 4](#), onde se indican nun lateral algúns valores estatísticos. O valor da mediana da idade dos accidentados é de 42 anos e o valor máis frecuente, ou moda, de 46.




Gráfico 3. Representación das porcentaxes de accidentados por grupos de idade.




Gráfico 4. Representación das porcentaxes de accidentados por idades.

As [táboas 6 e 7](#) serven mostran para o ano 2016 as porcentaxes segundo grupos de idade dos condutores accidentados e do total dos cotizantes de Galicia. O grupo de 35 a 44 anos é en ambas as táboas o grupo de idade de maior porcentaxe, destacándose na táboa 6 as celas dos grupos de idade con porcentaxes de accidentes graves e mortais superiores á porcentaxe no total de accidentes do ano. É inmediato comprobar que as diferenzas entre as porcentaxes de condutores accidentados e de cotizantes son pequenas destacándose o grupo de 45 a 54 coa maior diferenza (o 30,02% dos accidentados co 26,75% dos cotizantes) así como con maiores porcentaxes de accidentes graves e mortais.

| 2016                         |        |        |         |        |
|------------------------------|--------|--------|---------|--------|
| Grupos de idade (Condutores) | Leves  | Graves | Mortais | Total  |
| menos de 16                  | 0,00%  | 0,00%  | 0,00%   | 0,00%  |
| de 16 a 19                   | 1,07%  | 0,00%  | 0,00%   | 1,02%  |
| de 20 a 24                   | 5,27%  | 9,43%  | 0,00%   | 5,33%  |
| de 25 a 34                   | 19,29% | 13,21% | 21,05%  | 19,13% |
| de 35 a 44                   | 30,89% | 20,75% | 21,05%  | 30,48% |
| de 45 a 54                   | 29,64% | 37,74% | 42,11%  | 30,02% |
| de 55 a 65 anos              | 13,73% | 18,87% | 15,79%  | 13,90% |
| máis de 65 anos              | 0,12%  | 0,00%  | 0,00%   | 0,11%  |
| Total                        | 100%   | 100%   | 100%    | 100%   |

Táboa 6. Porcentaxes de accidentes segundo grupos de idade e gravidade.

| Cotización por grupos de idade (Galicia) | 2016   |          |        |
|------------------------------------------|--------|----------|--------|
|                                          | Homes  | Mulleres | Total  |
| de 16 a 19                               | 0,43%  | 0,29%    | 0,36%  |
| de 20 a 24                               | 4,02%  | 3,66%    | 3,84%  |
| de 25 a 34                               | 20,46% | 20,77%   | 20,61% |
| de 35 a 44                               | 32,21% | 31,64%   | 31,93% |
| de 45 a 54                               | 26,84% | 26,67%   | 26,75% |
| de 55 a 65                               | 15,57% | 16,29%   | 15,93% |
| maior de 65                              | 0,45%  | 0,68%    | 0,57%  |
| Total                                    | 100%   | 100%     | 100%   |

Táboa 7. Porcentaxes de traballadores cotizantes por grupos de idade e sexo.

## Tráfico

No [gráfico 5](#) represéntanse as porcentaxes de accidentes considerados como de tráfico e os que non entre os anos 2012 e 2016. As porcentaxes varían moi pouco ano a ano cun mínimo de accidentes de tráfico no 2013 do 19,00% e un máximo do 21,68% no 2016, sendo a porcentaxe dos accidentes de tráfico para o total do período do 20,75% dos accidentes laborais.




Gráfico 5. Porcentaxes de accidentes considerados coma de tráfico.

Na [táboa 8](#) detállanse as porcentaxes de accidentes laborais de tráfico dos anos 2012 ao 2016. A porcentaxe de accidentes de tráfico foi nestes cinco anos do 20,75% con lixeiras oscilacións nestes anos por encima e por baixo deste valor. Dado que os accidentes leves son numericamente

similares ao total, as porcentaxes apenas difiren entre ambos, pero nos accidentes graves e mortais é diferente. A porcentaxe de accidentes graves de tráfico aumenta ata un 32,85% do total dos accidentes dos condutores nestes anos cun rango entre o 25,71% no ano 2014 e o 40,43% no 2012. Para os accidentes mortais, a porcentaxe dos accidentes de tráfico dos condutores aumenta ata o 50,91% cun mínimo no ano 2012 do 33,33% e un máximo no 2013 do 66,67%.

| Ano de baixa | Accidente de tráfico | Gravidade |        |        | Total  |
|--------------|----------------------|-----------|--------|--------|--------|
|              |                      | Leve      | Grave  | Mortal |        |
| 2012         | Non                  | 79,11%    | 59,57% | 66,67% | 78,46% |
|              | Si                   | 20,89%    | 40,43% | 33,33% | 21,54% |
|              | Total                | 100%      | 100%   | 100%   | 100%   |
| 2013         | Non                  | 81,78%    | 62,86% | 33,33% | 81,00% |
|              | Si                   | 18,22%    | 37,14% | 66,67% | 19,00% |
|              | Total                | 100%      | 100%   | 100%   | 100%   |
| 2014         | Non                  | 79,43%    | 74,29% | 36,36% | 78,99% |
|              | Si                   | 20,57%    | 25,71% | 63,64% | 21,01% |
|              | Total                | 100%      | 100%   | 100%   | 100%   |
| 2015         | Non                  | 80,16%    | 70,27% | 50,00% | 79,73% |
|              | Si                   | 19,84%    | 29,73% | 50,00% | 20,27% |
|              | Total                | 100%      | 100%   | 100%   | 100%   |
| 2016         | Non                  | 78,82%    | 69,81% | 57,89% | 78,32% |
|              | Si                   | 21,18%    | 30,19% | 42,11% | 21,68% |
|              | Total                | 100%      | 100%   | 100%   | 100%   |
| TOTAL        | Non                  | 79,80%    | 67,15% | 49,09% | 79,25% |
|              | Si                   | 20,20%    | 32,85% | 50,91% | 20,75% |
|              | Total                | 100%      | 100%   | 100%   | 100%   |

Táboa 8. Porcentaxes de accidentes de tráfico segundo a súa gravidade. Anos 2012 a 2016.

Na [táboa 9](#), as porcentaxes sobre accidentes de tráfico laborais dos condutores de vehículos para o transporte urbano ou por estrada, que no Código Nacional de Ocupación (CNO-2011) codifícase a dous díxitos co 84, se desagregan a tres díxitos do código para detectar variacións nos accidentes segundo o tipo de vehículo que conducen.

Os condutores de ciclomotores e motocicletas (CNO 844) teñen unha sinistralidade completamente oposta aos demais grupos de condutores cunha maioría de accidentes de tráfico (o 86,30%) nestes anos, cunha porcentaxe do total de accidentes laborais dos condutores de vehículos do 10,39% (803 accidentes).

Os condutores de camións son os condutores que maior número de accidentes laborais teñen, o 63,57% de todos os accidentes nestes cinco anos, pero destes accidentes, os accidentes de tráfico son só o 9,02% dos seus accidentes laborais. No Anexo, indícase unha táboa cos diferentes grupos de condutores de vehículos.

| Accidente de tráfico?        | Código CNO-2011 |              |               |               | Total       |
|------------------------------|-----------------|--------------|---------------|---------------|-------------|
|                              | 841             | 842          | 843           | 844           |             |
| Non                          | 75,30%          | 86,03%       | 90,98%        | 13,70%        | 79,25%      |
| Si                           | 24,70%          | 13,97%       | 9,02%         | 86,30%        | 20,75%      |
| <b>Total</b>                 | <b>100%</b>     | <b>100%</b>  | <b>100%</b>   | <b>100%</b>   | <b>100%</b> |
| <b>% do total do período</b> | <b>22,53%</b>   | <b>3,52%</b> | <b>63,57%</b> | <b>10,39%</b> | <b>100%</b> |

Táboa 9. Porcentaxes de accidentes de tráfico a tres díxitos do CNO-2011.

Relacionada coa [táboa 5](#), a [táboa 10](#) detalla os accidentes de tráfico segundo os grupos de idade dos traballadores. Cos datos mostrados, a idade parece que ten algo que ver con ter máis ou menos proporción de accidentes de tráfico.

| Idade           | Accidente de tráfico |                | Total          |
|-----------------|----------------------|----------------|----------------|
|                 | Non                  | Sí             |                |
| Menos de 16     | 0,02 %               | 0,00 %         | <b>0,01 %</b>  |
| de 16 a 19      | 0,10 %               | <b>3,87 %</b>  | <b>0,88 %</b>  |
| de 20 a 24      | 1,81 %               | <b>18,52 %</b> | <b>5,28 %</b>  |
| de 25 a 34      | 16,83 %              | <b>32,73 %</b> | <b>20,13 %</b> |
| de 35 a 44      | <b>33,93 %</b>       | 21,57 %        | <b>31,36 %</b> |
| de 45 a 54      | <b>32,36 %</b>       | 16,96 %        | <b>29,16 %</b> |
| de 55 a 65 anos | <b>14,76 %</b>       | 6,30 %         | <b>13,00 %</b> |
| máis de 65 anos | 0,20 %               | 0,06 %         | <b>0,17 %</b>  |
| <b>Total</b>    | 100%                 | 100%           | <b>100%</b>    |

**Táboa 10.** Porcentaxes de accidentes de tráfico segunda a idade.

## Sector

Nas [táboas 11](#) e 12 a continuación detállanse os accidentes segundo o sector do centro de traballo en que ocorreron, o cal non ten porque ser o mesmo que o da empresa do traballador. Na táboa 11 compróbase que a maioría dos accidentes corresponden a centros de traballo do sector Servizos (aínda que o accidente fora en desprazamento), o 80,19% dos accidentes do total destes cinco anos, seguido da Industria co 14,12% e a Construción co 4,84%.

Na [táboa 12](#) se desagregan os accidentes sectoriais segundo os [condutores dos distintos tipos de vehículos](#). Tal como indicouse na táboa 11, o sector maioritario é o sector Servizos, con porcentaxes que oscilan entre o 75,27% dos condutores de camións e o 99,63% dos condutores de autobuses. En segundo lugar está o sector Industria, con valores entre o 0,00% nos condutores de autobuses e o 16,22% entre os condutores de camións. O terceiro sector por porcentaxe de accidentes é o da Construción, con valores entre o 0,00% nos condutores de motocicletas e o 7,29% nos condutores de camións.

Na [táboa 13](#) móstranse as porcentaxes dos CNAEs declarados das empresas dos traballadores accidentados, dada a lonxitude da táboa non se mostran todos os códigos, destacándose en cor os que en total suman máis do 80%. [No Anexo](#) atópase a táboa completa do CNAE 2009 a dous díxitos para a súa consulta, sendo as actividades económicas máis destacadas: 49-Transporte terrestre, 46-Comercio ao por maior e intermediarios do comercio, 56-Servizos de comidas e bebidas, 47-Comercio ao retallo, 10-Industria da alimentación, 53-Actividades postais e de correos, 43-Actividades de construción especializada e 38-Recollida, tratamento e eliminación de residuos.

| Sector       | Gravidade    |            |           | Total        | % Total       |
|--------------|--------------|------------|-----------|--------------|---------------|
|              | Leve         | Grave      | Mortal    |              |               |
| Agricultura  | 58           | 3          | 0         | <b>61</b>    | <b>0,79%</b>  |
| Pesca        | 4            | 1          | 0         | <b>5</b>     | <b>0,06%</b>  |
| Industria    | <b>1.052</b> | <b>35</b>  | <b>4</b>  | <b>1.091</b> | <b>14,12%</b> |
| Construción  | <b>359</b>   | <b>12</b>  | <b>3</b>  | <b>374</b>   | <b>4,84%</b>  |
| Servizos     | <b>5.994</b> | <b>156</b> | <b>48</b> | <b>6.198</b> | <b>80,19%</b> |
| <b>TOTAL</b> | <b>7.467</b> | <b>207</b> | <b>55</b> | <b>7.729</b> | <b>100%</b>   |

**Táboa 11.** Accidentes rexistrados nos sectores dos centros de traballo.

| CNO 2011 |                     |             | Gravidade |         |         | Total  |
|----------|---------------------|-------------|-----------|---------|---------|--------|
|          |                     |             | Leve      | Grave   | Mortal  |        |
| 841      | Sector do accidente | Agricultura | 0,35%     | 0,00%   | 0,00%   | 0,34%  |
|          |                     | Industria   | 13,64%    | 4,76%   | 0,00%   | 13,50% |
|          |                     | Construción | 0,87%     | 0,00%   | 0,00%   | 0,86%  |
|          |                     | Servizos    | 85,13%    | 95,24%  | 100,00% | 85,30% |
|          | Total               |             | 100%      | 100%    | 100%    | 100%   |
| 842      | Sector do accidente | Construción | 0,38%     | 0,00%   | 0,00%   | 0,37%  |
|          |                     | Servizos    | 99,62%    | 100,00% | 100,00% | 99,63% |
|          | Total               |             | 100%      | 100%    | 100%    | 100%   |
| 843      | Sector do accidente | Agricultura | 1,10%     | 1,91%   | 0,00%   | 1,12%  |
|          |                     | Pesca       | 0,08%     | 0,64%   | 0,00%   | 0,10%  |
|          |                     | Industria   | 16,12%    | 21,66%  | 8,51%   | 16,22% |
|          |                     | Construción | 7,28%     | 7,64%   | 6,38%   | 7,29%  |
|          |                     | Servizos    | 75,41%    | 68,15%  | 85,11%  | 75,27% |
|          | Total               |             | 100%      | 100%    | 100%    | 100%   |
| 844      | Sector do accidente | Industria   | 7,55%     | 0,00%   | 0,00%   | 7,35%  |
|          |                     | Servizos    | 92,45%    | 100,00% | 100,00% | 92,65% |
|          | Total               |             | 100%      | 100%    | 100%    | 100%   |
| Total    | Sector do accidente | Agricultura | 0,78%     | 1,45%   | 0,00%   | 0,79%  |
|          |                     | Pesca       | 0,05%     | 0,48%   | 0,00%   | 0,06%  |
|          |                     | Industria   | 14,09%    | 16,91%  | 7,27%   | 14,12% |
|          |                     | Construción | 4,81%     | 5,80%   | 5,45%   | 4,84%  |
|          |                     | Servizos    | 80,27%    | 75,36%  | 87,27%  | 80,19% |
|          | Total               |             | 100%      | 100%    | 100%    | 100%   |

Táboa 12. Porcentaxes de accidentes por condutores de tipos de vehículos nos sectores dos centros de traballo.

| CNAE (2 dixit.) | Porcentaxe | Porcentaxe acumulado |
|-----------------|------------|----------------------|
| 49              | 42,61      | 42,61                |
| 46              | 14,25      | 56,85                |
| 56              | 6,96       | 63,81                |
| 47              | 4,46       | 68,28                |
| 10              | 4,27       | 72,54                |
| 53              | 3,16       | 75,70                |
| 43              | 2,35       | 78,06                |
| 38              | 2,26       | 80,32                |
| 84              | 2,01       | 82,33                |
| 41              | 1,90       | 84,23                |
| 23              | 1,57       | 85,79                |
| 86              | 1,57       | 87,36                |
| 45              | 1,55       | 88,91                |
| 52              | 1,35       | 90,26                |
| 8               | 0,78       | 91,03                |
| 16              | 0,71       | 91,75                |
| 77              | 0,60       | 92,34                |
| 42              | 0,57       | 92,91                |
| 96              | 0,57       | 93,48                |
| 82              | 0,52       | 94,00                |
| 25              | 0,48       | 94,48                |
| 81              | 0,40       | 94,88                |
| 2               | 0,39       | 95,26                |
| 11              | 0,39       | 95,65                |
| 60              | 0,35       | 96,00                |
| 78              | 0,35       | 96,35                |
|                 | 96,35      |                      |

Táboa 13. CNAEs das empresas dos traballadores accidentados.

### Tipo de contrato

Nas [táboas 14 a 16](#) móstranse as porcentaxes de accidentes dos condutores segundo tipo de contrato e situación profesional.

Na [táboa 14](#) indícanse as porcentaxes anuais de accidentes segundo o tipo de contrato. Destácanse en cor as porcentaxes superiores á porcentaxe de accidentes dos cinco anos. Nos dous últimos anos, o descenso da porcentaxe de accidentes dos traballadores con contrato indefinido desde o 70,34% do 2014 ao 66,29% no 2016, é nunha porcentaxe similar ao aumento dos accidentes dos traballadores con contrato temporal e de duración determinada, desde o 26,17% no 2014 ao 30,65% no 2016. As porcentaxes de accidentes dos traballadores autónomos oscilaron no período entre o 1,73% no 2015 e o 3,49% no 2014, cunha porcentaxe nestes cinco anos do 2,63%.

| Tipo de Contrato                 | Ano de baixa |             |             |             |             | Total       |
|----------------------------------|--------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
|                                  | 2012         | 2013        | 2014        | 2015        | 2016        |             |
| Indefinidos                      | 71,74%       | 74,79%      | 70,34%      | 69,08%      | 66,29%      | 70,24%      |
| Temporais e Duración determinada | 25,82%       | 22,71%      | 26,17%      | 29,19%      | 30,65%      | 27,11%      |
| Funcionarios                     | 0,07%        | 0,07%       | 0,00%       | 0,00%       | 0,00%       | 0,03%       |
| Autónomos                        | 2,37%        | 2,43%       | 3,49%       | 1,73%       | 3,06%       | 2,63%       |
| <b>Total</b>                     | <b>100%</b>  | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> |

Táboa 14. Porcentaxes de accidentes segundo tipo de contrato e ano.

Na [táboa 15](#) onde se usa a variable gravidade ademais do tipo de contrato, os traballadores con contratos temporais e de duración determinada teñen porcentaxes de accidentes graves e mortais superiores á súa porcentaxe no total de accidentes, sendo máis destacable no caso dos accidentes graves. Os traballadores autónomos teñen unha porcentaxe de accidentes mortais lixeiramente superior e de graves lixeiramente inferior á súa porcentaxe dos accidentes totais.

| Tipo de Contrato                 | Gravidade   |             |             | Total       |
|----------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
|                                  | Leve        | Grave       | Mortal      |             |
| Indefinidos                      | 70,44%      | 64,25%      | 65,45%      | 70,24%      |
| Temporais e Duración determinada | 26,86%      | 34,78%      | 30,91%      | 27,11%      |
| Funcionarios                     | 0,03%       | 0,00%       | 0,00%       | 0,03%       |
| Autónomos                        | 2,67%       | 0,97%       | 3,64%       | 2,63%       |
| <b>Total</b>                     | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> |

Táboa 15. Porcentaxes de accidentes segundo tipo de contrato e gravidade.

Complementando á táboa anterior, a [táboa 16](#) mostra as porcentaxes de accidentes segundo a gravidade e situación profesional dos accidentados. Os traballadores por conta allea do sector privado teñen porcentaxes de accidentes graves e mortais lixeiramente superiores á súa porcentaxe dos accidentes totais. O dato dos accidentes mortais dos traballadores por conta propia corresponde na súa totalidade a autónomos sen traballadores.

| Situación profesional        | Gravidade   |             |             | Total       |
|------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
|                              | Leve        | Grave       | Mortal      |             |
| Asalariado do sector privado | 94,29%      | 97,58%      | 96,36%      | 94,40%      |
| Asalariado do sector público | 3,04%       | 1,45%       | 0,00%       | 2,98%       |
| Autónomo con asalariados     | 0,55%       | 0,48%       | 0,00%       | 0,54%       |
| Autónomo sen asalariados     | 2,12%       | 0,48%       | 3,64%       | 2,08%       |
| <b>Total</b>                 | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> |

Táboa 16. Porcentaxes de accidentes segundo situación profesional e gravidade.

## Provincia


A táboa 17 e os [gráficos 6](#) e [7](#) representan a distribución anual dos accidentes dos condutores segundo as provincias dos seus centros de traballo.

| Provincia    | Ano de baixa |              |              |              |              | Total        |
|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|--------------|
|              | 2012         | 2013         | 2014         | 2015         | 2016         |              |
| A Coruña     | 627          | 590          | 588          | 646          | 733          | <b>3.184</b> |
| Lugo         | 205          | 188          | 224          | 209          | 221          | <b>1.047</b> |
| Ourense      | 148          | 169          | 207          | 166          | 225          | <b>915</b>   |
| Pontevedra   | 538          | 453          | 471          | 538          | 583          | <b>2.583</b> |
| <b>Total</b> | <b>1.518</b> | <b>1.400</b> | <b>1.490</b> | <b>1.559</b> | <b>1.762</b> | <b>7.729</b> |

Táboa 17. Accidentes anuais por provincias de las empresas dos condutores.

Os datos numéricos da táboa 17 represéntanse nos dous gráficos seguintes de dúas formas distintas: no [gráfico 6](#) as porcentaxes anuais representan a distribución anual dos accidentes en cada provincia, de modo que a suma das porcentaxes provinciais suman o 100% dos accidentes de Galicia.

A Coruña é a provincia coa maior porcentaxe de accidentados, o 41,20% nestes cinco anos, seguida de Pontevedra co 33,42% e con porcentaxes máis próximas, Lugo co 13,55% e Ourense co 11,84%.




[Gráfico 6](#). Distribución en porcentaxes por provincias dos accidentes dos condutores.

O [gráfico 7](#) está pensado para subliñar a evolución dos accidentes nestes cinco anos e as porcentaxes anuais en cada provincia representan a fracción correspondente ao total dos accidentes na devandita provincia no período, de forma que a suma das porcentaxes de cada provincia nos cinco anos dan o 100% dos accidentes de Galicia.

No dito gráfico obsérvase inmediatamente que a evolución dos accidentes desde o ano 2013 é un claro aumento, sendo a evolución distinta en cada provincia:

- Na Coruña os accidentes chegaron ao seu valor mínimo no 2014, aumentando desde ese ano cunha evolución desde o 2015 case idéntica que o total en Galicia.
- En Lugo o valor mínimo corresponde ao ano 2013, pero o máximo alcázase no 2014, baixando no 2015 e aumentando no 2016.
- En Ourense o valor mínimo é o do ano 2012 aumentando ata o ano 2014. Diminúe no 2015 onde se chega ao segundo valor mínimo do período e aumenta no 2016 onde se chega á porcentaxe máxima.
- En Pontevedra o valor mínimo é o do ano 2013 aumentando desde ese ano, alcanzándose no ano 2015 o mesmo porcentaxe que no 2012 e no 2016 o valor máximo.



**Gráfico 7.** Evolución anual das porcentaxes de accidentes do período en cada provincia.


Para comparar a evolución dos accidentes, na táboa 18 e nos [gráficos 8](#) e [9](#) detállanse os accidentes nestes anos dos traballadores que non se accidentaron desenvolvendo unha actividade profesional como condutores.

| Provincia    | Ano de baixa  |               |               |               |               | Total          |
|--------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|----------------|
|              | 2012          | 2013          | 2014          | 2015          | 2016          |                |
| A Coruña     | 9.917         | 9.543         | 10.147        | 10.673        | 10.844        | <b>51.124</b>  |
| Lugo         | 2.232         | 2.222         | 2.367         | 2.583         | 2.520         | <b>11.924</b>  |
| Ourense      | 2.173         | 2.298         | 2.337         | 2.578         | 2.475         | <b>11.861</b>  |
| Pontevedra   | 8.004         | 7.317         | 7.626         | 8.239         | 8.076         | <b>39.262</b>  |
| <b>Total</b> | <b>22.326</b> | <b>21.380</b> | <b>22.477</b> | <b>24.073</b> | <b>23.915</b> | <b>114.171</b> |

**Táboa 18.** Accidentes anuais por provincias de las empresas dos traballadores agás condutores.

Facendo a comparación entre os datos dos [gráficos 6](#) e [8](#) das porcentaxes de accidentes repartidos por provincias, as diferenzas e similitudes son as seguintes:

- Na Coruña, os accidentes dos condutores presentan unha variabilidade lixeiramente maior con valores entre o 39,46% e o 42,14% para unha porcentaxe no período do 41,20%, mentres que os non-condutores, a variabilidade está entre o 44,42% e o 45,34% para unha porcentaxe no período do 44,78%.
- En Lugo a variabilidade tamén é lixeiramente maior nos accidentes dos condutores con valores entre o 12,54% e o 15,03%, para unha porcentaxe no período do 13,55% mentres que nos non-condutores a variación estivo entre o 10,00% e o 10,73% para unha porcentaxe no período do 10,44%.
- En Ourense os accidentes dos condutores tiveron unha variabilidade un pouco superior ás outras provincias con porcentaxes no rango entre o 9,95% e o 13,89% cunha porcentaxe no período do 11,84%, mentres que nos non-condutores a variabilidade estivo entre o 9,73% e o 10,75% para unha porcentaxe de accidentes no período do 10,39%.
- En Pontevedra os accidentes laborais dos condutores tiveron porcentaxes entre o 31,61% e o 35,44% dos accidentes de Galicia, para un valor nestes cinco anos do 33,42%, mentres que nos non-condutores a variabilidade estivo entre o 33,77% e o 35,85% dos accidentes para unha porcentaxe no período do 34,39%.




**Gráfico 8.** Distribución en porcentaxes por provincias dos accidentes dos traballadores agás condutores.

Da comparación das porcentaxes de accidentes nestes cinco anos en cada provincia entre os datos dos [gráficos 7](#) e [9](#) obtéñense as seguintes conclusións por provincia:

- Na Coruña a evolución dos accidentes dos condutores e non-condutores é moi similar con dúas pequenas diferenzas que se poden destacar: a mínima porcentaxe de accidentes nos condutores é no ano 2014, e non no 2013; e no 2016 o aumento da porcentaxe de accidentes é lixeiramente maior, 23,02 % nos condutores polo 21,21% nos non-condutores.
- Ademais da menor variabilidade interanual, nos accidentes dos traballadores non- condutores de Lugo, a brusca subida da porcentaxe de accidentes do ano 2014 non se dá e a porcentaxe maior non se produce no ano 2016, se non no 2015.
- En Ourense a evolución dos accidentes entre os que traballan como condutores e os que non é moi distinta. Os accidentes dos non-condutores crecen entre o 2012 e o 2015 diminuindo lixeiramente no 2016, sendo o maior incremento entre os anos 2014 e 2015. Isto é moi distinto á maior variación interanual entre os condutores con picos de subidas e baixadas do gráfico 6.
- En Pontevedra a diferenza máis destacable ademais dunha lixeiramente maior variación interanual das porcentaxes, é que o incremento na porcentaxe de accidentes que se dá entre os anos 2015 e 2016 nos condutores, non se produce nos non-condutores que teñen unha lixeira diminución na porcentaxe de accidentes.

No total de Galicia obsérvase claramente que mentres que os accidentes dos condutores seguen subindo desde o 2013 no 2016, nos non-condutores practicamente estabilízanse, diminuindo lixeiramente no último ano.



**Gráfico 9.** Evolución anual das porcentaxes de accidentes dos non-condutores en cada provincia.

Para terminar a comparativa da sinistralidade dos condutores profesionais con respecto ao resto de traballadores, a táboa 19 mostra as porcentaxes anuais segundo a gravidade dos accidentes. Nesta táboa compróbase facilmente a maior gravidade dos accidentes dos condutores, sendo destacable nos accidentes mortais.

| ANOS  | CONDUTORES |        |         | NON-CONDUTORES |        |         |
|-------|------------|--------|---------|----------------|--------|---------|
|       | Leves      | Graves | Mortais | Leves          | Graves | Mortais |
| 2012  | 96,50%     | 3,10%  | 0,40%   | 97,81%         | 2,01%  | 0,18%   |
| 2013  | 96,86%     | 2,50%  | 0,64%   | 98,03%         | 1,81%  | 0,16%   |
| 2014  | 96,91%     | 2,35%  | 0,74%   | 98,04%         | 1,72%  | 0,24%   |
| 2015  | 96,99%     | 2,37%  | 0,64%   | 98,30%         | 1,50%  | 0,20%   |
| 2016  | 95,91%     | 3,01%  | 1,08%   | 97,84%         | 1,99%  | 0,17%   |
| TOTAL | 96,61%     | 2,68%  | 0,71%   | 98,01%         | 1,80%  | 0,19%   |

Táboa 19. Porcentaxes anuais de accidentes segundo gravidade de condutores e non condutores.

Para terminar esta sección, nas táboas seguintes indícanse porcentaxes de accidentes de condutores de 55 anos ou maiores. Na táboa 19 as porcentaxes refírense á proporción de accidentes das empresas de cada provincia respecto ao total en Galicia. Na [táboa 20](#) as porcentaxes deste grupo de traballadores respecto do total dos accidentes dos condutores profesionais.

Na táboa seguinte destácanse con cor as porcentaxes provinciais dos anos que superan a porcentaxe de accidentes dos cinco anos a estudo. As provincias ordenadas de maior a menor porcentaxe de accidentes dos condutores con 55 ou máis anos son: A Coruña co 39,69% dos accidentes, Pontevedra co 33,01%, Lugo co 15,52% e Ourense co 11,79%.

| Provincia    | Ano de baixa |             |             |             |             | Total       |
|--------------|--------------|-------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
|              | 2012         | 2013        | 2014        | 2015        | 2016        |             |
| A Coruña     | 30,51%       | 37,50%      | 41,29%      | 36,84%      | 48,99%      | 39,69%      |
| Lugo         | 19,21%       | 15,76%      | 14,43%      | 17,70%      | 11,74%      | 15,52%      |
| Ourense      | 9,60%        | 13,59%      | 13,43%      | 11,48%      | 10,93%      | 11,79%      |
| Pontevedra   | 40,68%       | 33,15%      | 30,85%      | 33,97%      | 28,34%      | 33,01%      |
| <b>Total</b> | <b>100%</b>  | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> |

Táboa 20. Porcentaxes de accidentes dos condutores de 55 anos ou maiores, distribución por provincias.

Na táboa 21, as porcentaxes expresan a proporción dos accidentes dos traballadores de 55 ou máis anos de idade con relación aos accidentes laborais dos condutores. Neste grupo de idade, a porcentaxe de accidentes con maior gravidade é superior á porcentaxe total dos accidentes deste grupo de idade. Unha análise máis detallada atópase na sección [Idade](#).

| Provincia    | Ano de baixa  |               |               |               |               | Total         |
|--------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|---------------|
|              | 2012          | 2013          | 2014          | 2015          | 2016          |               |
| A Coruña     | 8,61%         | 11,69%        | 14,12%        | 11,92%        | 16,51%        | 12,69%        |
| Lugo         | 16,59%        | 15,43%        | 12,95%        | 17,70%        | 13,12%        | 15,09%        |
| Ourense      | 11,49%        | 14,79%        | 13,04%        | 14,46%        | 12,00%        | 13,11%        |
| Pontevedra   | 13,38%        | 13,47%        | 13,16%        | 13,20%        | 12,01%        | 13,01%        |
| <b>Total</b> | <b>11,66%</b> | <b>13,14%</b> | <b>13,49%</b> | <b>13,41%</b> | <b>14,02%</b> | <b>13,17%</b> |

Táboa 21. Porcentaxes de accidentes dos condutores de 55 anos ou maiores do total dos accidentes.

## Desviación

Nas dúas táboas seguintes detállanse as porcentaxes das desviacións ou feitos anormais que levaron a que se producisen os accidentes nos cinco anos do estudo, nos condutores na primeira táboa e especificamente nos de 55 anos e maiores na segunda.

Na [táboa 22](#) as desviacións que se dan con maior frecuencia son por orde: *Perda do control total ou parcial de equipos de traballo ou materiais* (esta desviación ten moita relación con accidentes de tráfico) co 30,07% dos accidentes, *Movemento do corpo como consecuencia de ou con esforzo físico* (está relacionada co movemento e co transporte de cargas) co 29,65% dos accidentes e a *Caída de persoas -esvarón ou tropezón con caída-* co 19,54%. Outra desviación que se pode destacar, para o caso de accidentes non traumáticos graves e mortais, é a denominada *Outras ou sen información*, xa que normalmente non hai unha desviación (ou non está clara) nos accidentes non-traumáticos.

| Desviación                                                             | Gravidade   |             |             | Total       |
|------------------------------------------------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
|                                                                        | Leve        | Grave       | Mortal      |             |
| Outras ou sen información                                              | 0,72%       | 6,76%       | 29,09%      | 1,09%       |
| Desviación por problema eléctrico, explosión, lume                     | 0,23%       | 1,45%       | 0,00%       | 0,26%       |
| Desviación por desbordamento, envorco, escape, derrame, emanación      | 1,19%       | 1,45%       | 0,00%       | 1,19%       |
| Rotura, estalido, deslizamento, caída, derrubamento de Axente material | 4,39%       | 9,18%       | 0,00%       | 4,49%       |
| Perda de control total ou parcial de equipos de traballo ou materiais  | 29,66%      | 39,13%      | 50,91%      | 30,07%      |
| Caída de persoas - esvarón ou tropezón con caída-                      | 19,46%      | 25,12%      | 9,09%       | 19,54%      |
| Movemento do corpo sen esforzo físico engadido                         | 12,48%      | 9,66%       | 7,27%       | 12,37%      |
| Movemento do corpo como consecuencia de ou con esforzo físico          | 30,52%      | 5,80%       | 1,82%       | 29,65%      |
| Sorpresa, medo, violencia, agresión, ameaza, presenza                  | 1,34%       | 1,45%       | 1,82%       | 1,35%       |
| <b>Total</b>                                                           | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> | <b>100%</b> |

Táboa 22. Porcentaxes das desviacións que levaron aos accidentes dos condutores.

Na [táboa 23](#), as porcentaxes das desviacións que se detallan son as dos accidentes dos condutores de 55 ou máis anos. Na comparación entre ambas as táboas a *Perda de control total ou parcial de equipos de traballo ou materiais* diminúe a súa porcentaxe de frecuencia e a *Caída de persoas -esvarón ou tropezón con caída-*, aumenta ata ser a segunda desviación máis frecuente nos traballadores de maior idade. Tamén se pode destacar a importante porcentaxe nos accidentes mortais da desviación, *Outras causas ou sen información*.

| Desviación                                                             | Gravidade   |             |             | Total       |
|------------------------------------------------------------------------|-------------|-------------|-------------|-------------|
|                                                                        | Leve        | Grave       | Mortal      |             |
| Outras ou sen información                                              | 0,62%       | 5,71%       | 50,00%      | 1,38%       |
| Desviación por problema eléctrico, explosión, lume                     | 0,21%       | 0,00%       | 0,00%       | 0,20%       |
| Desviación por desbordamento, envorco, escape, derrame, emanación      | 1,34%       | 0,00%       | 0,00%       | 1,28%       |
| Rotura, estalido, deslizamento, caída, derrubamento de Axente material | 5,56%       | 8,57%       | 0,00%       | 5,60%       |
| Perda de control total ou parcial de equipos de traballo ou materiais  | 22,35%      | 28,57%      | 25,00%      | 22,59%      |
| Caída de persoas - esvarón ou tropezón con caída-                      | 26,26%      | 31,43%      | 8,33%       | 26,23%      |
| Movemento do corpo sen esforzo físico engadido                         | 13,49%      | 11,43%      | 8,33%       | 13,36%      |
| Movemento do corpo como consecuencia de ou con esforzo físico          | 28,84%      | 11,43%      | 8,33%       | 28,00%      |
